



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xaneiro 2020

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xaneiro 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un descenso do 2,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 11,7 puntos inferior á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,2%, 2,9 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 6,5% mentres que nos Outros servizos aumenta o 13,5%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios agás en Galicia e Aragón.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,7% e en España un 0,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de xaneiro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un descenso do 2,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 11,7 puntos menos que no mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,2%, 2,9 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 6,5%, resta 5,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 13,5% e achegan 2,9 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 2,2% e nos *Outros servizos* o 2,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 8,6%, co que resta 4,8 puntos; a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 7,0% e resta 0,3 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 2,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra unha taxa do 0,1%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 13,5%. O *Transporte* rexistra o maior incremento, 20,0%, co que achega 1,9 puntos a taxa de variación do índice xeral. As *actividades profesionais, científicas e técnicas*, cun incremento do 11,7%, achegan 0,4 puntos.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 2,0%. Os maiores incrementos rexístranse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,5%) e na *Hostalería* (3,7%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,7% no mes de xaneiro.


O sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, ao incrementarse un 16,7%, co que achega 2,5 puntos. As *actividades profesionais, científicas e técnicas*, cun crecemento do 16,0%, achegan 1,4 puntos. En senso contrario, o *Comercio* diminúe un 5,3%, co que resta 2,4 puntos a taxa de variación do índice xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 5,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en Galicia (-2,2%) e Aragón (-0,7%). Os maiores aumentos danse en Extremadura (5,0%), Madrid (4,7%) e Murcia (4,1%).

Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2020


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,7% respecto ao mes de xaneiro de 2019, unha décima menos que en España (0,8%).




O persoal ocupado aumenta un 1,0% no *Comercio* e un 0,6% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Hostalería* (-0,6%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,1%). Os maiores crecementos danse en *Información e comunicación* (2,8%), *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (1,9%) e *Comercio por xunto* (1,3%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse tamén en *Información e comunicación* (2,1%), *Comercio por xunto* (1,6%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (1,3%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2019. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (2,2%) e Castilla - La Mancha (2,0%). As taxas máis baixas rexístranse en Canarias e Asturias (ambas 0,2%).

Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2020



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	121,2	-2,2	-2,2
Comercio	121,3	-6,5	-6,5
Venta e reparación de vehículos de motor	89,1	-7,0	-7,0
Comercio por xunto	129,0	-8,6	-8,6
Comercio ao retallo	110,7	0,0	0,0
Outros servizos	120,3	13,5	13,5
Transporte	136,6	20,0	20,0
Hostalería	96,3	5,5	5,5
Información e comunicacións	110,1	8,1	8,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	119,4	11,7	11,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,0	9,4	9,4
España			
Xeral	115,6	2,2	2,2
Comercio	117,9	2,2	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	119,3	0,1	0,1
Comercio por xunto	120,3	2,9	2,9
Comercio ao retallo	112,5	1,7	1,7
Outros servizos	111,5	2,0	2,0
Transporte	115,4	2,3	2,3
Hostalería	95,7	3,7	3,7
Información e comunicacións	110,5	0,6	0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,0	0,2	0,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,8	4,5	4,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,7	3,7	3,7
Comercio	116,4	-5,3	-5,3
Transporte	152,3	16,7	16,7
Hostalería	98,2	5,4	5,4
Información e comunicacións	112,1	8,5	8,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,5	16,0	16,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	128,7	6,7	6,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xaneiro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	115,6	2,2	2,2
Andalucía	113,3	1,7	1,7
Aragón	111,5	-0,7	-0,7
Asturias	111,3	1,0	1,0
Balears, Illes	85,7	0,9	0,9
Canarias	116,6	1,0	1,0
Cantabria	122,6	3,6	3,6
Castilla y León	107,5	3,8	3,8
Castilla-La Mancha	118,2	0,2	0,2
Cataluña	111,3	1,0	1,0
Comunitat Valenciana	116,4	1,6	1,6
Extremadura	110,9	5,0	5,0
GALICIA	121,2	-2,2	-2,2
Madrid	122,4	4,7	4,7
Murcia	119,7	4,1	4,1
Navarra	118,0	2,0	2,0
País Vasco	114,7	0,1	0,1
Rioja, La	119,6	0,0	0,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,9	0,7	0,7
Comercio	108,6	1,0	1,0
Venta e reparación de vehículos de motor	99,8	0,2	0,2
Comercio por xunto	120,8	1,3	1,3
Comercio ao retalho	103,3	1,0	1,0
Outros servizos	105,5	0,6	0,6
Transporte	105,6	0,9	0,9
Hostalería	99,6	-0,6	-0,6
Información e comunicacións	108,4	2,8	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,9	1,9	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,7	-0,1	-0,1
España			
Xeral	107,1	0,8	0,8
Comercio	107,1	1,1	1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	107,3	0,8	0,8
Comercio por xunto	111,1	1,6	1,6
Comercio ao retalho	104,5	0,8	0,8
Outros servizos	107,1	0,6	0,6
Transporte	108,8	0,5	0,5
Hostalería	100,2	0,3	0,3
Información e comunicacións	110,9	2,1	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,9	1,3	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,7	0,0	0,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xaneiro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,1	0,8	0,8
Andalucía	105,3	0,8	0,8
Aragón	109,0	1,0	1,0
Asturias	103,9	0,2	0,2
Balears, Illes	92,1	2,2	2,2
Canarias	109,2	0,2	0,2
Cantabria	106,7	0,9	0,9
Castilla y León	104,1	0,5	0,5
Castilla-La Mancha	106,9	2,0	2,0
Cataluña	108,4	0,8	0,8
Comunitat Valenciana	109,9	1,7	1,7
Extremadura	104,5	0,8	0,8
GALICIA	106,9	0,7	0,7
Madrid	108,1	0,3	0,3
Murcia	111,3	1,6	1,6
Navarra	109,1	1,9	1,9
País Vasco	105,7	0,5	0,5
Rioja, La	108,2	1,0	1,0

Fonte: INE